Deputación Pontevedra

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

MBD/Ra/Ms/Af

Deputación Pontevedra
Data Rexistro: 07/08/2026 18:20:35
Nº Rexistro: 2026000796
SAÍDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 31 de xullo de 2026, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada María Manuela Rodríguez Pumar.

21.8711.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente.- E rematamos cos rogos e preguntas. Ten unha, un rogo e pregunta, por parte do BNG, deputada María Manuela Rodríguez Pumar.

Sra. Rodríguez Pumar.- Si, quería facer eh, unha pregunta eh, dous rogos. Eh, en relación á primeira, a, a obra de, que está previsto facer reposición de firme na EP-2602(Peinador – Louredo), no seu día nós presentaramos un rogo de unhas casas que se inundaban coa auga da chuvia, no que se ve no proxecto non parece que iso se resolva. Entón a pregunta é, se se resolve ou non, ese problema comunicado no seu día i no caso de que non, que por favor que se faga, se resolva. E a seguinte rogo é a relación a EP-2403(Mosende – Morgadáns) no seu paso por Morgadáns, baixada de Vilas, Prado, Morgadáns en dirección a PO-341 Vincios - Couso porque fixeron unhas eh valados, destes bueno, como se chama, unhas barreiras de seguridade pero son bastante altas, non hai o do medio, e hai unhas zonas nas que hai unha caída, que para motos, bicicletas ou para calquera, debería dotarse de esa segunda banda de seguridade. Eses son os rogos. Nada máis.

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.
A Secretaria,
(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Dña. María Manuela Rodríguez Pumar .- Carmen Bugallo Monteagudo(Gabinete de Presidencia).- Ignacio Virel Sánchez(Gabinete de Presidencia).- Presidencia.-

Firmado por: GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - ***7731**
Cargo: Secretario/a Accidental
Data: 07/08/2026 12:24

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):5Z4L4E38497NYUQI

Deputación Pontevedra

Pregunta efectuada pola deputada do Grupo Provincial do BNG, Dona María Manuela Rodríguez Pumar, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 31 de xullo de 2026:

PREGUNTA:

A obra que está previsto facer reposición de firme na EP-2602 (Peinador – Louredo), no seu día nós presentaramos un rogo de unhas casas que se inundaban coa auga da chuvia, no que se ve no proxecto non parece que iso se resolva. Entón a pregunta é, se se resolve ou non, ese problema comunicado no seu día i no caso de que non, por favor, que se faga, se resolva.

RESPOSTA:

As obras do proxecto de reposición de firme na EP-2602_Peinador – Louredo comezaron a executarse o pasado luns 7 de setembro.

Esta semana, a enxeñeira Directora da obra xunto cun concelleiro do concello de Mos visitaron a zona de vivendas situadas na marxe dereita da estrada obxecto de este rogo para analizar sobre o terreo a situación e estudar as posibles solucións.

O proxecto contempla a execución de obras de pavimentación e a realización de gabias de drenaxe nun determinado tramo, se ben, coa execución destas obras, melloraranse as condicións actuais da drenaxe da estrada, corrixindo lixeiramente a pendente transversal onde tecnicamente resulte posible e mellorando a condución da escorrentía superficial.

Asinado dixitalmente.

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 11/09/2026 11:26

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):NERLNEBUNV5I7D6S